



### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 09 DE XUÑO DE 2014.

#### ASISTENTES:

##### **Alcalde-presidente**

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO( PP)

##### **Concelleiros/as**

D. M<sup>a</sup> CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ( PP)

D.<sup>a</sup> MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.<sup>a</sup> NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO ( PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ÁNXELA GONZÁLEZ CID ( BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

##### **Secretario Xeral**

D<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández

##### **Interventora de fondos**

D. Eva Fernández García (Ausente)

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 13:00 horas do día 9 de xuño de 2014 reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procedese á análise dos puntos da orde do día.



### PARTE RESOLUTIVA

#### 1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Empezamos entónces co Pleno extraordinario coa aprobación do primeiro punto da acta anterior que a acta do 05/05/2014, que teñen vostedes copia, y se teñen algo que alegar, iste é o momento senón entendo que se aproba por unanimidade.

**Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade a acta do 05/05/2014.**

#### 2- EXPEDIENTE DE AGREGACIÓN-SEGREGACIÓN ENTRE O TERMOS MUNICIPAIS DE BARBADÁS E OURENSE.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó punto 2 que é o expediente de agregación-segregación entre os termos municipais de Barbadás e Ourense, que tamén todos teñen copia del. É darlle trámite como ben saben a este proceso, que o único que se fai agora aquí é aceptar unha valoración que se fixo polos técnicos, que ustedes tamén teñen copia para que o Concello de Ourense poda mover ficha y sigamos y ultimemos sobre todo iste proceso, entónces como todos teñen copia do expediente, non vamos aquí a repetir todo o que se pón o expediente nin todo o que pón a documentación que ustedes teñen. Se teñen algo que alegar este é o momento, y sinón pois. Moi ben, pois falen ustedes, están no seu dereito, teñen o expediente completo, pois claro que o teñen. Pois ten a palabra.

**O sr. Fírvida toma a palabra (BNG):** O Bloque Nacionalista Galego vai a votar a favor desta agregación-segregación de terreos, este intercambio de terreos a fin de contas co Concello de Ourense, porque entendemos que beneficia a unha parte da poboación, de que xa se consideran veciños de Barbadás e ademais queren ser veciños de Barbadás, e polo tanto o único que pedimos é que se acelere a tramitación, que se faga o antes posíbel y que se faga nas mellores condicións para este Concello. No informe recolle que a Lei obriga a unha compensación económica pola deixazón de impostos municipais que deixan recoller o Concello de Barbadás, nas Comisións se nos informou de que se vai intentar tasmén facer unha liquidación de todos os gastos ocasionados por esa zona de Ourense na que prestaba servizos Barbadás, que se valore todos esos servizos públicos que se teñen prestado en esa zona y que o gravame sexa o menor coste posible para o noso Concello, polo demais en canto ó intercambio das terras, nós, pois si en Ourense y aquí estamos de acordo, nós tamén estamos de acordo, porque eu creo que é un beneficio para ambos Concellos, e non prexudican nada a eses veciños que pasarán a ser de Barbadás.



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Perfecto, moi ben.

**O sr. Valcárcel toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Bueno, pois ben, antes de falar sobre o asunto en cuestión, queremos dicir que é absolutamente lamentable o desprezo e a desconsideración, que en moitas ocasións se fai neste Concello, en relación ó uso do idioma galego, no Grupo Socialista temos que denunciar que cada vez chega máis documentación que non está redactada no noso idioma, este expediente en concreto non é así, non é o caso, pero hai outros que por exemplo o que fai referencia a creación duns clubs das escolas deportivas, está totalmente redactado en castelán, parécenos absolutamente lamentable, e reclamamos do señor Alcalde que amose que realmente ten interese polo galego, e que presente toda a documentación e que a reclame no idioma de Galicia.

En relación ao tema de agregación esegregación entre os dous termos municipais, sinalar que o Partido Socialista vai a apoiar a proposta que se presenta, xa que consideramos que é imprescindible para dar satisfacción ás necesidades de toda a veciñanza afectada. Pero no Grupo Socialista tamén queremos deixar claro que é un apoio crítico, un apoio crítico porque durante todo este longo trámite houbo importantes queixas da veciñanza, pola escasa información que se lles facilitou en cada momento sobre a evolución deste proceso, e consideramos que o equipo de goberno debería haber convocado asembleas ou xuntanzas cos veciños e veciñas afectados para que foran tendo unha información puntual e transparente, hai veciños que incluso se queixaron en certos momentos de haber sido recibidos con malas formas e pouco respecto, e vostedes sábeno, pero tamén hai que lembrar que este proceso foi iniciado en xuño de 2006, despois de que a Xunta de Galicia confirmara os lindes establecidos no ano 1921, tal e como sostíña o Concello de Ourense. E hai que lembrar tamén que foi o Concello de Barbadás o que concedeu licenzas para edificar na Finca Fierro, a pesar de estar enclavadas en Ourense, conforme a eses lindes.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Naquel momento non

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Os lindes son do ano 21, señor Freire, do ano 21. Si vostedes lle fixeron caso omiso a eses lindes, e a esa demarcación, eu creo que merezo un pouco de respecto, señor Freire, non fai falta que xesticule dese xeito

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Tiñamos un Plan Urbanístico que marcaba por aí, nós collimos un plan feito que marcaba por aí a liña, e demos as licencias en base a ese plan urbanístico

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Hai que lembrar que foi o Concello de Barbadás o que concedeu, si, un plan de urbanismo elaborado por vostedes, que non contemplou as normas, bueno.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non señor,

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** As normas subsidiarias que levaron foron elaboradas por vostedes



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** En conclusión, a conclusión é evidente, señor Freire, durante o seu goberno, no seu afán especulador e construtivo, quixo ampliar o seu radio de actuación. O detonante desta situación non é outro que o responsable o señor Alcalde de Barbadás. No tocante ós importes a compensar por Barbadás a Ourense, hai que dicir que a contribución está nimiramente marcada pola lexislación, ademais foi estipulado pola Deputación de Ourense, e ademais temos dotación orzamentaria para dar o seu cumprimento. Consideramos que esa cantidade é xusta, ben é certo que o Concello de Barbadás, prestou unha serie de servizos a estas áreas que supuxeron un custo considerable. A posible negociación co Concello de Ourense sobre ese custo non ten que ser en ningún momento obstáculo para que este asunto quede zanzado definitivamente en moi breve prazo. Aceptamos unha negociación pero que eso non supoña postergar a decisión final e a incorporación da Finca Fierro a Barbadás. A veciñanza da Finca Fierro o que desexa é ver como dunha vez por todas se resolve esta situación, é dicir tamén que o Alcalde de Ourense ten previsto probablemente no mes de xullo levar este tema a Pleno, probablemente, non podo afirmalo taxativamente, pero estiven falando con el o venres, e díxome que probablemente iría en xullo a Pleno.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, pois como entendo que quedaron recollidas as manifestacións dos grupos políticos e que nós estamos todos de acordo, non fai falta someter a votación imagino, por unanimidade entendo.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:  
**“Aprobación do Expediente de agregación-segregación entre os Termos Municipais de Barbadás e Ourense”**

### **3- CONSTITUCIÓN DO CLUB “ESCOLAS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE BARBADÁS”.**

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos o punto tres que é a constitución do club Escolas deportivas do Concello de Barbadás, que tamén como se explicou o outro día na Comisión Informativa, aunque vai tomar a palabra despois loxicamente a Concelleira responsable, a grandes rasgos dicir que esta constitución de club, se fai basicamente porque agora queren competir un grupo de rapaces que están nas escolas y é necesario ter o NIF, y a raíz deso pois decidiuse facer un club deportivo para poder, para que estes rapaces podan competir, en todo caso, voulle dar a palabra á Concelleira para que expoña si estima oportuno, pois humanamente o proceso. Ten a palabra.



**A sra. Vispo toma a palabra (PP):** Como dixo o Alcalde, vamos a ver a xustificación da creación das escolas municipais, hasta agora non tiñamos a infraestrutura, nin o personal necesario para poder facelo, entón estaban competindo co NIF doutros Concellos, perdón, doutros clubs, entón agora como xa temos o persoal no pavillón, e despois tamén temos o que é infraestrutura, o que temos que crear para que eles podan competir é un club das Escolas deportivas con un NIF, para que todos esten competindo co Concello de Barbadás, esa é a única justificación, despois na memoria, se queredes leo a justificación enteira, e as conclusións que temos, pero creo que todos as temos, e se queredes expor algo, preguntar algo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Sometemos a debate entón o punto. Ten a palabra o voceiro do BNG.

**O sr. Serafín Núñez toma a palabra (BNG):** Ben en primeiro lugar teño que dicir que nos resulta inadmisíbel, reiterando as palabras do portavoz socialista, que nos sigan presentando expedientes, documentación, distinta documentación en castelán, é dicir, nesta Institución continúa a desprezarse a lingua propia do País, se sigue a infrinxir a lexislación básica, o Estatuto de Autonomía, a Lei de normalización lingüística, todo cuanto lei habidos e por haber que promocionan o uso da nosa lingua do País y vostedes, aquí continuamos a recibir documentación en perfecto castelán, parece que estamos en Cuenca, é dicir, isto é absolutamente inadmisíbel, ese é o noso punto de vista.

Na documentación que nos entregan vostedes mesmos acreditan que efectivamente o funcionamento, a calidade dos servizos que ofertan nas Escolas deportivas, pois non é o axeitado, nesta memoria, pois nesta xustificación ben reflectido. Temos que dicir que o BNG o ano pasado, pois presentou, defendeu aquí en Pleno unha moción sobre o mes de setembro, outubro, donde puña en dúbida o funcionamento nomeadamente da escola de fútbol municipal, que lonxe que efectivamente de perseguir, conquistar, aqueles obxectivos que se deben marcar, non, que naquel momento falábase de fomentar pois o esforzo, a igualdade de oportunidades entre distintos rapaces que participan nela, o traballo, é dicir, unha serie de cuestións, e o que se fai, pois é, que haxa unha participación o máis homoxénea, o máis igualitaria posible entre os distintos rapaces que participan, vostedes o que fan pois, a teoría fana moi ben, porque si, escribir, escriben moi ben, é dicir, vamos aquí, por exemplo no folio tres dice, os monitores teñen que basarse, esta metodoloxía está pensada para as necesidades do neno, bueno isto ven en castelán, y non nos éxitos deportivos e na competición, que disfruten co deporte que lo realizan, é dicir, efectivamente a teoría si a poñen pero na práctica fan absolutamente ó revés, é dicir eu naquela moción, pois criticaba que efectivamente vostedes dentro da escola de fútbol, o único que persiguen é o resultado, para eso si teñen que efectivamente botar xogadores, o botan, si



ten que traelos doutro lado pois os traen para fomentar que o Barbadás esté se pode ser en primeira liña que non esté en segunda, é dicir, buscan efectivamente soamente competir e resultados, cuando o fundamento dunha escola pública é xustamente ó revés. Moven xogadores de equipos A, equipos B, de juveniles para el otro, o que fan efectivamente o habido e por haber, para buscar efectivamente este resultado. A filosofía que prima na escola deportiva, como repito o que dixen naquela ocasión, é a que dirixe, é a que teñen os dirixentes do equipo de terceira, nomeadamente o señor Fernández Cid, é dicir, dende a Concellería de Deportes o que se fai é aportar os diñeiros, pois a xestión a levan eles y unha xestión absolutamente fóra de lugar para o BNG. Quixera preguntar aquí pois por exemplo cantos xogadores pasan dunha escola de fútbol pública, pasan ós equipos de arriba, ós equipos de rexional, ós equipos de terceira, cuantos, como se promociona, cuando o fundamento dunha escola de fútbol debera ser ese, promocionar rapaces para chegar arriba, é dicir, nós estamos servindo de base para outros equipos, pero, é dicir, quixera saber que me contestara cantos, é dicir, non hai, non pasa nada, é dicir, non pasa ninguén aquí, irán para outros lados, pero non se promocionan, é dicir, cuando o realmente bonito sería eso, é dicir, que os rapaces que entran abaixo puideran ter a posibilidade de algún de chegar arriba, y non a teñen, non a teñen porque non interesa tampouco, de acordo, cuando eso realmente sería o bonito, é dicir, pois terá algo que realmente identificar ó pobo, identificar á nosa cidadanía cun equipo y que tivera xogadores locais, voulles por exemplo poñer un exemplo, saben o equipo a sociedade deportiva Valenzá, saben cantos xogadores locais van a ter para a temporada que ven, dez, cuantos ten o Barbadás, que me conteste, pero creo que cero, é dicir, e non teñen escola por baixo y sin embargo si promocionan o da casa. Bueno para nós desde logo o funcionamento das escolas nomeadamente a de fútbol é inadmisibile. Y para ir rematando eu quero facer aquí constancia tamén a un acto que se celebrou a pasada semana no centro comercial, donde se fixo pois se convocou a todos os rapaces da escola de fútbol para facer unha teórica, bueno unha entrega de trofeos, é dicir, eu desde logo a min paréceme absolutamente fóra de lugar é inadmisibile, é dicir, que se faga un acto no centro comercial cuando temos cantidades de lugares no Concello donde se podan facer actos similares, nomeadamente Casa de Cultura, temos un Polideportivo recién inaugurado, un campo de fútbol, temos cantidade de lugares donde facer cousas na casa sin ter que ir fóra. Quixera preguntar si teñen accións no McDonalds, porque saben o que fixeron, fixéronlle unhos tickets a rapaces con un desconto dun 10% para que foran comprar a hamburguesa ó McDonalds, é dicir, mira que non hai negocios de hostelería neste Concello de primeira liña, donde puideran promocionar e darlle un peso a ganar ós hosteleiros locais, temos que ir fóra, ás casas comerciais de la casa de, é dicir, es que no



claro, ós americanos, porque aquí temos ese concepto de lo que de fuera es lo que vale, entonces aquí promocionamos o de fóra y o da casa que se, entende, mire que non podían promocionar facer tickets y donde dar un peso a ganar ós hosteleiros locais, no se lo damos a McDonalds, é absolutamente fóra de lugar, y despois eu creo que foi efectivamente, pois bueno un acto xa de precampaña para lanzar a, supoño que a próxima candidata, supoño, polo que, a próxima candidata popular a sra. Consuelo Vispo, a min paréceme fóra de lugar este tipo de cuestións, y o voto do noso grupo respecto do punto é unha abstención.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben ten a palabra o voceiro do PSOE, ou voceira.

**A sra. Morenza toma a palabra (PSOE):** Bueno, pois voume a centrar, el centrouse máis no fútbol, eu solo decir unhas cuantas cousas do Polideportivo porque levamos falando del hai décadas, xa é unha asignatura pendiente de moitos anos, esta xa non lle quedou para setembro, agora xa lle quedou non sei para cuando, xa non a recupera. Primeiro falamos da construción e criticamos os sucesivos retrasos, nós, o Partido Socialista, o BNG tamén, despois falamos da posta en marcha das instalacións e o equipo de Freire decidiu que antes de abrir o pavillón á cidadanía había que contratar persoal, bueno ben admitímolo, a veciñanza seguiu agardando a apertura para poder usar as desexadas instalacións, desexadas, e que eso é xa un polideportivo parece eiquí unha xoia, despois e antes de abrirse definitivamente o polideportivo porque aínda non se abriu, que nós sepamos formalmente, oficialmente, dun xeito efectivo á cidadanía, agora falamos de ampliación, non, despois falamos da ampliación dos vestiarios, esto é, vai por capítulos. Pero este cúmulo de despropósitos continúa, porque segue sen abrirse o pavillón, non sabe, non temos data, supoño que nola dirán hoxe ó millor, volveranos a decir que se abre en setembro, en xuño, en maio do ano que ven, probablemente se abra en maio do ano que ven, si. E volvendo á vista atrás, vemos que a falta de algo tan fundamental, aparte da apertura oficial da instalación, falta a regulación do, un regulamento para o funcionamento das mesmas, das instalacións que non existe aínda, unha condición sine qua non se pode pór en funcionamento, bueno existe, pero ó Pleno non veu.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Si, hombre claro, donde va.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pero despois deso quedaron en que iban facer un regulamento

**A sra. Secretaria toma a palabra:** No. Hai un reglamento que se hizo específico para el polideprotivo y se incluyeron

**A sra. Morenza toma a palabra:** Si, ahora si, pero non é o que estou decindo eu. Eiquí falouse de que se iba a construír, que se iba a elaborar un regulamento específico, e que entón era cando se iba a poñer en



marcha, que hasta que non se elaborara ese regulamento non se podía poñer formalmente en marcha o pavillón, si eso non veu a Pleno

**A sra. Secretaria toma a palabra:** No, el reglamento de uso de las instalaciones deportivas municipales, que al final se tituló así, vino al Pleno ya el año pasado

**A sra. Morenza toma a palabra:** Hai un ano, pero non era eso. Hai un ano veu a contratación de persoal

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Lo único que falta es el estudio de costes para el establecimiento de las tasas, pero eso no es un reglamento, eso es una ordenanza fiscal

**A sra. Morenza toma a palabra:** E para que se poña en marcha o polideportivo

**A sra. Secretaria toma a palabra:** No, se puede poner en marcha gratis

**A sra. Morenza toma a palabra:** Entonces por que non o poñen en marcha, eso terao que decidir o Alcalde. Hoxe falamos do club das escolas deportivas estreitamente vinculado ó pavillón, e para o Grupo Socialista aínda nos quedan lagoas: quen vai xestionar o club. Tamén no que respecta á directiva decir: quen dirixirá o club, será a Concelleira de Deportes, non nos queda claro

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten aí xa nos estatutos, como está representado

**A sra. Morenza toma a palabra:** Como estará representado o Concello de Barbadás

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Teno aí na memoria

**A sra. Morenza toma a palabra:** Quen rende contas da xestión, ante quen e a que federación pertence o clube, eso non nos queda claro, porque claro hai varios deportes a que federación pertencen.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Cada deporte se federa en el suyo

**A sra. Morenza toma a palabra:** Entonces non é un clube, serán varios subclubes

**A sra. Secretaria toma a palabra:** No, es un club con varias modalidades, cada una de esas modalidaes se federa en la federación correspondiente, pero el nombre es el mismo.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Claro como o nome é un clube, pois pensábamos, quedábanos esa dúbida. Por outra parte falando das tan manidas regulamentacións que tanto lle gustan á señora Secretaria, o PSdeG volve a esixir a posta en marcha dun Consello Municipal de Deportes, do que xa se falou eiquí, había unha disposición por parte do Equipo de goberno de poñelo en marcha, falouse de que era necesario por a grande actividade deportiva que había no Concello e aínda non se sabe nada a día de hoxe, se hoxe se debate no Pleno a creación do club das escolas deportivas é un aspecto crucial, é o acceso tamén dos pais e nais ás novas instalacións, porque temos entendido que polo momento non lles está permitido o acceso ós pais e ás nais, supoñemos que será porque non hai o regulamento de uso, ou como lle queira chamar a señora Secretaria, o que está claro e que existe un malestar xeneralizado entre





os pais ante esta restrición, e queremos incidir tamén en que segundo as nosas informacións o pintado das canchas non cumpre as medidas esixidas, xa llo dixemos na Comisión Informativa, dixeron que si ás medidas do pintado da canchas, e ademais non existen canastas para a práctica do minibasket. O Alcalde ten que aclarar ademais estes aspectos fundamentais como son o funcionamento do club, a estrutura organizativa e de funcionamento e a constitución da directiva que xestionará esta asociación deportiva, si solo forma parte o concelleiro de deportes de turno, ou personal que traballa no polideportivo, non nos queda claro.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** No solamente existe el reglamento sino que regula la presencia de los padres y acompañantes de los menores, dicen que tienen que estar en las gradas, habla de cosas como que no se pueden comer pipas en las gradas, o sea, es que existe. El reglamento existe y no se va a hacer otro.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** En primeiro lugar vamos a poñer en marcha o club, y despois todo é mellorable e modificable, se hai que facer unha modificación dos estatutos ou do reglamento, ou da ordenanza se fará, vamos a poñelo en marcha, vamos dar un primeiro paso. Está regulado tal e como teñen vostedes na documentación que se lles entregou, en todo caso voulle dar a palabra á Concelleira de Deportes se ten algo que alegar, ou quere alegar algo.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Señor Xarín empiezo por usted, voy a contestarle a todas sus dudas. La Escuela de fútbol como funciona, o funcionamento da Escola de fútbol sabe que desde os prebenxamíns hasta o xuvenil, lévao o Concello, a escola, agora mesmo están competindo. O club agora mesmo, a Unión Deportiva Barbadás están competindo todas as Escolas deportivas de fútbol, vamos a ver, o que decía antes de que nós cambiamos os nenos dun equipo para outro, non, o que houbo foi un problema este ano na temporada 2013-2014, que recoñecemos no seu momento e houbo que facer un equipo C, que competiu na Copa Deputación, e non houbo ningún cambio porque non se poden cambiar cando xa están federados dun equipo a outro, entón non sei porque dice que cambiamos de un para outro, de outro para un, non se pode, entón eso como funciona a Escola. Despois en cuanto á actuación que tivemos en Ponte Vella, vamos a ver, nos invitaron eles porque é patrocinador do club neste momento, entón invítáronos a facer a entrega deses trofeos alí, como pudo ser Carrefour, como pudo ser calquera dos establecimentos que hai neste mesmo momento na Valenzá, fomos invitados por eles e creo que debemos de ir, ós nenos encantoulle, eu non sei, o único problema pono usted, pero os demais pais que eu sepa, estiveron alí con eles, e de momento todavía non sei, si me vou presentar ou non, para que lle quede clarísimo, non é que teña que facerme fotos, porque xa me fan bastantes cuando vou cos nenos tamén, nos dous campeonatos que houbo do benxamín e do alevín, e fixéronme fotos e non me dixo usted nada, e pos salir en Ponte



Vella, dime eso, non sei, pero bueno, alá usted. Eso en cuanto ó que é a recepción de Ponte Vella, si ten algunha duda para o ano ó mellor faise noutro sitio donde nos inviten nós estamos alá. Vamos a ver non sei si foi o xoves á noite, eu de casualidade levei ó meu fillo ó McDonalds, estaban todos os azules, porque chamámoslle así a marea azul, si os pais non quixeran levar ós nenos non estaban alá, estaban a metade de, porque a terraza estaba, estaba moi boa noite e estaban todos uniformados e estaban cenando alá, se os pais estiveran moi enfadados con darlle un ticket dun 10% en McDonalds non estarían alá cenando, digo eu, non sei. Victoria vamos a ver, en cuanto ó Polideportivo, o Polideportivo non deixamos entrar ós pais agora mesmo, porque todavía está pechado, os pais sabes que acceden á planta baixa por donde entran os nenos, cambian ás veces ás nenas, o sea, en eso, vamos cando fai frío o porteiro que está alá, Delfín, déixalles pasar, que non hai ningún problema, que pasa que como non está aberto, a ver, nós o que non deixamos é que pasen ás gradas, e vouche explicar outra cousa, o día que estea aberto os propios nenos, vamos a ver o campo de fútbol é aberto, no campo de fútbol si están os pais na grada, pero alá entre o ruído que fan poden entrar en su momento cando se abra o polideportivo sin problema ningún, pero os nenos van a estar máis cómodos si os pais os esperan fóra, eso dito por eles, polos mesmos nenos, que incluso na Escola de fútbol a veces piden eles mesmos, o Modesto que é o coordinador hoxe, que non os deixen pasar, porque están, si, si, non é broma Victoria, porque eles mesmos están desde as gradas están dirixindo ás veces o entrenamiento, entonces a ver un pouco é eso, nós en ningún momento vámoslle a prohibir a entrada, o que si solamente vamos a intentar que colaboren con nós e coas actividades. Despois non se abre o polideportivo e vou explicar o por que, si vedes a terra que hai alá fóra, vamos a ver, o polideportivo ten unha serie de deficiencias que se van a subsanar antes de abrir polo motivo de que dar unha, a ver, si se abre, claro que se podría abrir xa no mes de abril ou marzo, pero non había auga quente suficiente para todas as Escolas deportivas, xa só as nosas, e cuando hai un campeonato, pois íbamos ter unha deficiencia, xa non só para os nosos nenos, senón para os de fóra, entonces o que fixemos é antes de abrir é ter todo eso solucionado, se está pondo ó lado do polideportivo, ves que fixeron unha caseta, xa vos dixen cantidad de veces que si queredes unha visita guiada facémolo, e os ensino o problema que hai dentro, agora eso vai quedar subsanado, vaise pór unha caldeira que xa están terminando, en cuanto eso se termine vaise abrir, que pasa, no mes de agosto todos os polideportivos pechan polo tema de vacacións, nós vamos a estar abertos, vamos a ter o mes de xullo e o mes de agosto alá a veranoteca, a partir das 12 da mañá os nenos van baixa para alá e van facer as actividades deportivas, porque están máis frescos, bueno o polideportivo no vrao é máis fresquiño e van a estar alá, entón vai a estar aberto os dous meses, en setembro o que vamos facer é arrancar e xa os



diremos a fecha, bueno va estar todo colgado, agora vamos deixar todo na páxina web e vamos facer unhos carteles para que a xente sepa o que vai a acontecer no mes de setembro co polideportivo. Agora mesmo o día 14 vai haber unha andaina que salir desde alí hasta o Paco Paz, e con volta, e despois se fará unhas mastersclass para a xente que vai a andaina, e despois xa o campamento deportivo e o que arrancamos xa coa veranoteca alí, o sea que vai a estar aberto nos dous meses, o sea, vamos a seguir traballando ali. Despois o que decías do reglamento, está aprobado o único é que, o que dixo a Secretaria foi que, agora o que falta é o estudio de costes, porque non sabíamos o que era o gasto de luz o gasto de calefacción, todo eso, entonces para facer ese estudio de costes temos que ter todos esos datos e aí faremos, o sea que o primeiro vai ser ata que se adapte ese estudio que nolo faga a interventora, de momento vamos a abrir, e cobraremos polas clases colectivas, o que nos vai cobrar o monitor, que será o que podamos cobrar, e despois xa polo alquiler de pistas, todo eso irá en función do estudio de costes que faga a señora interventora. Despois vamos a ver o club, o club vai a estar agora mesmo no Pleno se vai a asignar á persona que represente ese club, que vou ser eu, como Concelleira de deportes, despois as persoas que estén aí, xa figura na memoria, van ser cinco persoas, ao mellor non o pon, pero volo explico eu.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Primeiro hai que adoptar el acuerdo Plenario de constituír una organización dentro del Municipio que es el club, la segunda fase habrá que investigar cuales son la tramitación, los requisitos administrativos de la federación para constituírlo, en el momento en que sepamos como se constituye, como se hace el acta fundacional y todo eso, pues se podrán debatir otras cuestiones.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Victoria te sigo explicando, o club o que preguntabas das federacións, o club nas distintas federacións balonmano, ximnasia rítmica, a de fútbol, todo eso vai ir co mesmo CIF, pero distinta modalidade, non vai haber distintos clubes, para que che quede claro. Despois pintura, que me decías da pintura, a ver o único neste momento que non hai, xa cho expliquei na Comisión o outro día, é para poder xogar ACB, ó baloncesto, pero todo está ne reglamentación para poder competir, as canastas de minibasket están agora mesmo, si entras alí no Polideportivo, están nos laterales, están poque eles mesmos están xogando, agora mesmo o clube que estaba levando a escola de baloncesto, que é as escolas deportivas de Ourense, eles saben, ten 400 nenos agora mesmo na escola e saben perfectamente, e están reglamentadas porque eles foron quen miraron esto, eu é o que che podon decir. Vamos a ver todas as queixas é perfecto que vaian a vós, dirixilo a nós que nós alí explicámoslle perfectamente, non temos ningún problema.



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, está aclarado.

**A sra. Morenza toma a palabra:** O que está claro é que hai unha falta de previsión, porque si agora se estropea, que primeiro non temos os vestiarios que aproveitamos los huecos, como dixeron no seu día, agora non funciona a caldeira, resulta que non estaba dimensionada, entonces cuando vai funcionar o Polideportivo definitivamente, en setembro dirannos aínda non se fixo o estudio de costes. Pero bueno, pero vostedes dígnannos cal é a data definitivamente como Concelleira de deportes.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Mira xa cho dixen agora, vamos a ver, en setembro vamos a arrancar con todas as actividades para que a xente, xa cho vou anticipando, para que a xente veña. As actividades o que queira apuntarse, pois en aeróbic, en zumba, bailes, non sei, en distintas actividades, entonces a inauguración será despois, pero nós en setembro vamos a arrancar xa.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, pois aclarado non, ou tendes algo máis que alegar.

**O sr. Núñez toma a palabra:** Parece que a señora Vispo Seara parece que se pon nerviosa cando ela fala eu lle dou á cabeza, bueno eu de momento o que fixen foi non interrompir a vostede, cuando vostede falou, y eu creo que é algo democraticamente que hai que facer, falar cando tes o turno de palabra, e punto, si, vou mover a cabeza, evidentemente, vou a movela, evidentemente que si. Bueno, ó respecto do que dice de que o Concello fai a xestión, respecto ás escolas deportivas, non é certo, xa o dixen antes e o repito agora, vostedes o que poñen é o diñeiro, a xestión faina o señor Fernández Cid e compañía, vostedes non xestionan absolutamente nada, poñen los dinero, y punto pelota, y ós feitos me remito, o ano pasado na moción y se queren volvo a repetilo, pero paréceme absurdo, é decir, vostedes o que fan é un cambalache total cos rapaces, para arriba, para abajo, a este lo echan, traen a los otros, y é o que fan, é decir, non é unha escola deportiva nin nada, é puramente, competición pura e dura, y teñen unhos bimbios moi bos para facer ter unha escola como é debido, porque teñen moitos rapaces, pero sen embargo non fan unha xestión acaída, y eso está aí, é palpable, non o digo eu, pódeno ver, porque está aí na calle. Con respecto ó acto que fixeron no Centro Comercial, que os invitaron ou deixaron de invitar, bueno, pudéronos invitar ou non, ou deixalos de invitar, pero logo ese acto, o BNG eu desde logo sigo dicindo que ese acto débese facer no Concello, y promocionando os hosteleiros da casa, non McDonalds, nin efectivamente, nin este tipo de negocios, acaba de decir, reitera que non sabe si efectivamente vai a ser a candidata popular nas eleccións do próximo ano municipais, nalgunha Comisión Informativa o señor Alcalde actual, si dixo que iba a ser a próxima candidata popular, entonces póñanse vostedes de acordo, é decir, anunciada xa está, outra cousa é que vostede pois queira dicilo ou non. Ó respecto de outro tipo de cuestións efectivamente pois o Consello municipal de deportes é unha institución que



entendemos que é efectivamente básica, para o desenvolvemento das actividades deportivas, y donde efectivamente pois as familias os pais poden participar e poden permitir as súas inquedanzas y é algo que efectivamente non se fai, porque non interesa, interesa máis que lle vaian a vostede co contiño, para que, bueno, usted fágalle as cousiñas por detrás, pero nada máis, é decir, aquí o que ten que haber, son instrumentos como este, como o Consello municipal de deportes, onde realmente a xente participe e debata e se cheguen a acordos, é decir, eso é o verdadeiramente decmocrático, é algo polo que vostedes efectivamente non están.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bien, no seu momento o analizaremos, de momento estamos con esto y cuando proceda o de constituír o Consello municipal de deportes, cuando se poña en funcionamento o Polideportivo, xa o estudiaremos.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Antes de que intervenga la Concejala, un matíz técnico. Vamos a ver el Consello municipal de deportes, es un organismo autónomo, cuando se habló de la construcción del Polideportivo y todo eso, yo plantée que sería una fórmula la más adecuada, desde el punto de vista de gestión, pero en los últimos tiempos hay una tendencia desde la normativa estatal a suprimir lo que se llaman los “chiringuitos de la administración”, que son precisamente los organismos autónomos, esto es lo que está ocurriendo ahora, no se en que medida encontraríamos dificultades para constituílo o no, hai fórmulas alternativas, y de hecho yo sigo pensando que sería la más adecuada.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben aclarado.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Señor Xarín, en alusiones, vamos a ver, si o Alcalde dixo nunha Comisión Informativa, de momento eu non firmei nada, nin dixen nada, a última palabra será del e miña, digo eu, é que non me deixades acabar. Bueno en alusión á escola de fútbol, por último si tan mal o facemos, as prescripcions xa están feitas, e han repetido todos os nenos menos o xuvenil, que hai nenos que se van a outros equipos, non o faremos tan mal cando hai 280 nenos neste momento preinscritos na escola de fútbol, si o fixéramos tan mal, non íbamos ter tantos nenos, nada máis.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Eu só lle quería facer unha precisión á señora Secretaria, chiringuitos son os que se montan para enchufar xente, que eso o PP sabe moito, pero non é un organismo autónomo, non é un chiringuito, porque eiquí non vai haber persoas que cobren un sueldo

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Mire hágame el favor, es que yo no utilicé el término chiringuitos aleatoriamente, y a mi déjenme terminar, es como se ha calificado por toda la doctrina jurídica en los últimos años, en los últimos dos años que escribe sobre los organismos autónomos, le llaman chiringuitos de la administración, es como se denomina la doctrina jurídica, ya se lo que es un chiringuito de feria,



gracias.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bueno vamos a someter entonces, unha vez concluído o debate, a votación. Votos a favor, votos en contra, abstencións.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PP, e as abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG, o seguinte acordo: “ **Constitución do Club “Escolas deportivas do Concello de Barbadás”**”.

#### **4- DECLARACIÓN DE SERVICIOS PRIORITARIOS, URXENCIA E NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó seguinte punto que é o punto cuatro que é a declaración de servizos prioritarios, urxencia e necesidade de contratación de persoal laboral temporal. Bueno trátase de declarar de urxente necesidade tres monitores para as piscinas municipais, porque hai que poñer en marcha, os socorristas neste caso, pretendemos poñelo en marcha o día 15 de xuño, ou o 14 bueno, y para a Escola de música tamén cuatro profesores de música, porque os outros solicitaron a indefinición, e dado que levan o tempo suficiente, pois loxicamente antes de ir o xulgado de momento decidimos aceptarllos. Entonces estes dous servizos consideramos que perentorios de urxente necesidade y é o que se trae ó Pleno para que autorice estas contratacións.

**A sra. González toma a palabra (BNG):** Bueno antes de nada reivindicar unha vez máis o uso do idioma galego en todos os documentos da administración e das institucións, polo tanto tamén do Concello de Barbadás. Celso Emilio Ferreiro decía que xente coma vostedes, os que se dedican a facer que esta lingua desapareza, esta lingua morra, son os patufos desleigados, pequenos mequetrefes sin raíces, y eu corroboro, non é de xustiza nin é de persoas de ben facer o que vostedes fan con estes tipos de documentos, cando está aprobada unha Lei de normalización lingüística, que os obriga a ter os documentos en galego, y entrégannos medio Pleno, a mitad da documentación, máis da metade da documentación en español.

Ben indo ó tema en si, decir que este Real Decreto, pretende limitar a contratación de persoal, refiérome ó Real Decreto 20/2011, a través das administracións públicas, porque parte da premisa que parte da culpa da crise das administracións públicas, cando en realidade quenes son os culpables da crise son os bancos e as grandes empresas, e queren facerlle pagar a débeda pública á cidadanía, ó pobo. Como consecuencia disto, os Concellos quedan obrigados a prescindir, reducir ou privatizar os servizos públicos que é o



obxectivo último que persigue a dereita, o Partido Popular, que quere que as empresas amigas se vaian enriquecendo ós poucos a costa dos cidadáns, y eso é así y deso vostedes saben bastante. Dito isto presentan un punto no que declaran prioritario a piscina municipal y a Escola de música, y é un punto bastante sangrante, porque no BNG preguntámonos desde que leímos esto, que que pensaran as persoas que teñen ó seu cargo, persoas dependentes e que se lles cortou todo tipo de axuda pola dependencia, ou que pensarán todas aquelas familias que están todos os seus membros en paro e non reciben prestacións, cando teñan facilidades para ir á piscina, e sin embargo non teñan que darlle de comer ós seus fillos durante o verán. Por que non se declara prioritario por exemplo a apertura dun comedor escolar, dos comedores escolares para o verán, para solventar esas necesidades que se crearon por esta crise, por que non se declara prioritario a atención á dependencia ou a axuda no fogar, penso que con estos dous exemplo abonda para evidenciar o drama que se está vivindo as persoas que non dan pagado o alquiler, ou que no inverno non puideron poñer a calefacción, ou que teñen que elixir entre medicarse ou comer, ou que teñen que pagar inxentes cantidades en setembro para os libros de texto, un longo etc, pero bueno non me vou a estender porque vostedes saben coma min todo o que está pasando. En base a que criterios priorizaron esto, a Escola de música y as Piscinas Municipais, en base que hai que abrilas, non había que abrilas antes, o ano pasado non as abriron, o anterior tampouco, estou ironizando, ironía, entre paréntesis, non as abriron, por favor, nun Pleno extraordinario de xuño traen aquí a contratación de tres socorristas, como si as piscinas municipais non se abriran nunca neste Concello, traen aquí a contratación de cuatro músicos como si a Escola de música empezara a funcionar onte, e que esto é unha tomadura de pelo, sinceramente é unha tomadura de pelo. En todo caso dende o BNG, pensamos que efectivamente estes servizos que non son prioritarios, serían prioritarios unicamente si todas as necesidades estiveran cubertas neste Concello, cousa que non é así, pero dado que non están cubertas as necesidades máis urxentes, estes servizos non son prioritarios nin básicos, si é axeitado que efectivamente existan, por que é estamos nun Concello de 10.000 habitantes non que se gaban ó longo do informe que é o Concello de maior natalidade, é de maior natalidade para as piscinas e para a Escola de música, non é o de maior natalidade para a construción dun instituto por exemplo, nin é de maior natalidade para ter un pediatra e un Centro de Saúde en condicións, por exemplo, bueno pois do que se gaban, pois si é verdade que os nenos deste Concello, teñen unha opción importante na Escola de música, que ademais gabamos o seu bo funcionamento, e a súa organización, e a calidade que oferta, efectivamente gabámola, pero eso non ten que ver con esto, nós si gabamos a Escola de música nese sentido, e incluso o das piscinas, porque resulta que é o único lugar de ocio que teñen no verán os nenos no noso Concello, entonces efectivamente as



piscinas hai que abrilas, e efectivamente a contratación é necesaria, pero non urxente. Nos veñen con esto como si non o tuveran que facer todos os anos, como si non o tuveran previsto previamente nin nada, claro despois os monitores da Escola de música, efectivamente solicítanlle que os fagan indefinidos laborais, claro, é algo que ven decindo o BNG dende la noche de los tiempos, non é de hoxe. Despois fixeron informes a medida, porque a min fixome gracia que cuando o leín, que recoñecen por fin algo que o BNG lles ven repetindo desde que temos representación neste Concello, que é que a través das empresas privadas los costes de los servicios se incrementan considerablemente debido a los impuestos y al beneficio que deben de obtener las empresas prestadoras de los mismos, vaya por fin, despois de vinte e catro anos cairon da burra, o sea, que cuando van privatizando servizos, cando foron privatizaron servizos, era o argumento contrario. E no relativo á contratación de persoal evidentemente vai contar catro puntos a entrevista persoal, cuanto vai contar, como se vai facer esa contratación, que criterio se van a seguir, un concurso de méritos o que primará, mantense a entrevista persoal, non me estás dando puntos nin nada, estásme unicamente dicindo, ben, quen vai formar parte dos tribunais, funcionarios do Concello, e técnicos do Concello, vale, coma sempre, coma sempre, non cambia nada. En cantos días van publicitar todo isto para que se entere todo o mundo, chegue a todo o mundo e se poda presentar quen queira.

**A sra. Secretaría toma a palabra:** Los socorristas ya se publicó

**A sra. González toma a palabra:** Con cuanto tempo

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Pues creo que siete días, que es lo habitual

**A sra. González toma a palabra:** Pues fíxate eu non me enterei, de que se publicitara, e claro entramos todos os días, donde o publicitaron na páxina web, bueno pois eu non me enterei. Sete días, non, para publicitalo, moi ben, sigue todo igual, neste Concello ó final as contratacións, vamos a ver, é que neste Concello pasa unha cousa dende hai moitísimos anos, y é que cada vez que hai unha oposición, contratos y todo eso, a xente xa sabe, que vostedes teñen previamente saben quen vai a entrar, entón sábese, e ademais fanse apostas, e ademais acertamos, normalmente nas apostas. Por último decir que bueno que, creo que no que foi a intervención quero deixar moi claro que non estamos en absoluto de acordo, co informe que o fixeron a medida, por un lado, por outro lado, que non estamos absoluto de acordo con que estas contratacións son prioritarias, por que nós consideramos prioritarios outro tipo de servizos á cidadanía y ó pobo que nestes momentos de crise estao pasando tan mal, como é urxente e prioritario a apertura de comedores escolares no verán, ou a atención ás persoas dependentes, que neste Concello hai moita xente maior nos pobos, que non está recibindo a asistencia que necesita, que se estiveron





reducindo bastante a axuda no fogar, tanto en horas como en personal, pero a pesar de non consideralos prioritarios, si que recoñecemos que para que a Escola de música siga funcionando e as piscinas se abran evidentemente ten que existir esto

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Entonces que quere unha cousa ou a outra

**A sra. González toma a palabra:** Non, é que esto non é prioritario, pero esto si se abre, tense que abrir nunhas condicións, efectivamente na piscina ten que haber socorristas, co cual, cal é a crítica de fondo, a crítica de fondo é a súa falla de previsión, evidentemente, porque vostedes levan 24 anos no goberno, todos os anos teñen que abrir as piscinas, e todos os anos abren a Escola de música, e polo tanto este persoal xa tiña que ser contratado previamente, e non pola vía de urxencia. Dito esto, nós vámonos abster.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o voceiro do PSOE.

**O sr. Valcárcel toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Pois ben coma xa dixen antes este expediente ademais de estar redactado en castelán, amosa unha absoluta falla de respecto polas posibles decisións que se poidan adoptar polo Pleno, xa que se nos presenta como si se houbera tomado unha resolución, e xa que alguén di que os Concelleiros da oposición non temos o nivel suficiente, nós temos o nivel suficiente como para informarnos e ler a documentación tal como se nos presenta, tal como se nos amosa, temos nivel de abondo, que tome nota que o dixo, que ben saben quen o dixo agora mesmo. A Secretaria, xa elaborou o contido do acordo antes de haber sido debatido, o Grupo Socialista consideramos que o debate é algo que é fundamental na toma de decisións, este comportamento o que amosa é unha falla de consideración ao grupos da oposición que confiamos e desexamos que non se volva a repetir. A señora Secretaria ten moitas cualidades, pero seguro que a da videncia non é unha delas y eu desde logo non veño eiquí a debatir ca señora Secretaria, eu veño a debatir aquí co señor Alcalde, ca señora Mirian, ca señora Nieves, co Julio, co Manolo, co señor Do Olmo, ou ca señora Chelo, e tamén cos señores do Bloque, pero non ca señora Secretaria, desde logo, así o digo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois non debata, quen lle manda.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Pero ela intervén sistematicamente, ten dereito a intervir pero non a falar mal da oposición, nin a criticar á oposición, vostede tense que limitar a decir unha opinión técnica punto e final. Nós somos representantes da veciñanza, vostede non, nós si, pero nós somos representantes da veciñanza, electos pola veciñanza, e polo tanto somos os encargados de transmitir as súas inquedanzas, nin máis nin menos, e polo tanto debemos ser os primeiros en ter toda a información ó noso dispor, e unha información correcta, dunha forma coherente e clara, pero o Grupo Socialista recoñece a necesidade da contratación de persoal tanto para atender ás piscinas nos meses de verán, así como para



cubrir as prazas de profesorado na Escola de música, pero queremos denunciar e recriminar que hai exactamente un ano, tamén se trouxo a Pleno con carácter de urxencia a contratación do persoal necesario para a posta en marcha do único polideportivo de Barbadás, e transcurrido un ano a citada dotación aínda non está oficialmente en funcionamento, esa é a consideración que teñen ustedes da urxencia, a min que mo expliquen. Novamente temos que falar da inconsistencia, da incoherencia das políticas de contratación do Partido Popular, de contratación de persoal, e de ocultación, e digo de ocultación; vostedes, e convido á prensa que se vaian á páxina web do Concello, e verán unha pestana que di, últimas noticias, nas últimas noticias non está colgado eso precisamente, non está colgado na portada, hai que buscar e rebuscar, pero en últimas noticias e en portada non figura esto, entón isto chámase ocultación. O Partido Socialista de Barbadás reclama con urxencia que se elabore unha relación de postos de traballo, xa o fixemos o ano pasado cando se debatiu este mesmo asunto, da urxencia de contratación de persoal, que se elabore unha relación de postos de traballo, que contemple ano a ano as necesidades reais do Concello, consideramos imprescindible que se faga unha avaliación real das necesidades de persoal, pensando por suposto no importante crecemento poboacional do Concello, que é algo que vostedes reiteran sistematicamente nas súas argumentacións para que se contrate persoal por carácter de urxencia. Pero hai unha cuestión máis que debe contemplar a relación de postos de traballo, os socialistas temos a fundada sospeita de que poden existir determinados departamentos, sospeita non o digo con mal ánimo nin moito menos, que existen determinados departamentos que actualmente teñen unha escasa carga de traballo, debido á crise económica, teñen un exceso de persoal, e outros nos que ocorre exactamente a inversa, no caso de que sexa así a RPT debería contemplar unha reasignación de persoal entre as distintas áreas de traballo, e para poder coñecer si realmente hai unha sobrecarga de persoal, ou unha escasez de persoal, en cada un dos diversos departamentos hai que facer esa avaliación. As necesidades de persoal do Concello de Barbadás non poden ser cubertas aleatoriamente, sen previsión algunha, e incluso con ocultación, como dicía antes, por suposto sin ter que recurrir a informes de urxencia ou de legalidade da contratación. A ausencia dunha RPT anual vai en contra do funcionamento da xestión do Concello, e por suposto atenta contra os intereses da veciñanza, xa que promove e favorece comportamentos caciquís e de sumisión da veciñanza. Vivimos unha fonda crise económica e unha nova RPT, faise imprescindible para poder asignar recursos a aqueles servizos que teñen que atender as necesidades básicas dos nosos convenciños, é decir, aquí como decía a compañeira Ánxela estamos aprobando unha cousa que nós si que consideramos que é necesaria, necesaria non urxente, e todo isto poderíase haber feito con bastante meses de antelación, podíase haber traído a Pleno, no anterior Pleno ordinario, pero non, traémolo aquí



con carácter de urxencia, por certo fago unha pregunta, que coincidencia que este ano teñamos un Pleno extraordinario para o mes de xuño, e que o ano pasado tamén tivemos un Pleno extraordinario no mes de xuño, que coincidencia, pola mesma cousa non, por unha cousa que ademais o ano pasado non se cumpliu, trouxeron a Pleno un tema que era a urxencia do Polideportivo, e sigue pechado, entón este ano volvemos a traer a Pleno un tema, que non sei alguen ó mellor necesita cartos, e dígoo como comentario político, non como outro tipo de consideración, coincide que no mes de xullo hai Pleno extraordinario, e ademais na oposición xa dixemos que estos asuntos se poderían levar a outros Plenos, isto chámase despilfarro, e xa o dixen tamén o ano pasado, así de sencillo, porque esto pudo haber vido no anterior Pleno, ou postergalo a outro seguinte, este non, o tema dos socorristas evidentemente que non, pero hai unha imprevisión total e un despilfarro cos cartos que se destinan ós honorarios ou os emolumentos dos Concelleiros. Como dixen vivimos nunha fonda crise económica, e unha nova RPT faise imprescindible para poder asignar unhos recursos escasos naqueles servizos que teñen que atender as necesidades básicas dos nosos conveciños, por certo unha mosta de que a política de contratación de persoal que se realiza en Barbadás deixa moito que desexar, foi o ocorrido con boa parte do profesorado da Escola de música, os que despois dun tempo e como consecuencias de diversas reclamacións, houbo que converter en persoal laboral do Concello de Barbadás, si eso se houbera feito correctamente esa contratación como persoal laboral do Concello de Barbadás non houbera tido que haberse feito, pois insistimos hai outros criterios, outros aspectos, outras áreas nas que o mellor a necesidade da urxencia si que viña xustificada, neste caso ven xustificada pola súa imprevisión, señor Freire nin máis nin menos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben pois mire, dicirlle en primeiro lugar a ambos grupos, que chámase así loxicamente o decreto que exige que para contratar personal pois teña que ser de urxente necesidade, da igual que o trouxéramo agora, o das piscinas evidentemente está de inmediato, o da Escuela de música non é tan inmediato, o que pasa é que chámase igual, este epígrafe houbera que poñerlle igual aínda que fora no mes de enero, porque senón non se podería contratar, chámase así a nomenclatura do decreto, urgente necesidad y prioritario por supuesto, entonces da igual cuando se fixera, de feito xa digo o da Escuela de música non é de momento tan urxente, porque hasta setembro había tempo, traémolo agora loxicamente para facelo, y con relación ós dos monitores, ós dos socorristas, non o trouxemos antes e traémolo agora, porque preveíamos poder contratalos con cargo a unha subvención, que ó final non da tempo de que chegue, se nos dixo que iban ter prioridade no plan de cooperación os socorristas, pero os socorristas ó mellor van chegar para o mes de julio, co cual non podemos chegar en junio, si en julio nos ven a subvención, ise é o motivo non é outro, y por eso se trae



ahora, porque estuvemos espera, espera a ver si realmente podíamos contratalos con cargo a esa subvención, que así non serían con cargo ós fondos do Concello, é a única cuestión. Outro tema, con relación a que veña en galego ou castelán, ven en castelán entre outras cousas, porque indudablemente este é un tema que ten que ir ó Goberno Central, o das contratacións é un decreto do Goberno Central, e hai que transmitirle ó Goberno Central a documentación que se expón aquí no Pleno, eu creo que todos entendemos o galego e o castelán afortunadamente, bueno eu creo que todos, eso por un lado, entón aclarado o da urxente necesidade, non é porque sea de urxente necesidade. Entón dicir, primeiro nós tamén entendemos que todas esas cuestións de os grandes dependentes, os problemas de digamos que podan ter os pais polo tema do comedor, pero é que xa tomamos un acordo eiquí nun Pleno con relación ós dos comedores escolares, de si era necesario, se dixo eiquí publicamente se acordou que se abriría no vrao si facía falta, y usted que está no colexio sabe, si nos puxemos en contacto cos directores do colexios para que fixeran un sondeo si realmente había necesidades que desde o Concello se trataría de subsanar, y se tomou o acuerdo pertinente y se nos explicou como estaba a situación, y se tratou y se trata de solucionarlo a eses pais en concreto a quen os necesite, sin estigmatizar a ninguén porque no fondo non deixa de ser un problema dese estilo, y aquí non vamos a ter nin quen, nin como, nin cuando, pero si se lle deu cauce a esa necesidade, entón non me diga que nós eiquí non lle damos, que non tomamos carta nise tema porque si se tomaron y se actuou, y usted o sabe que está no colexio, non pode dicir o contrario. O do servizo de axuda no fogar xa está funcionando neste momento, xa temos personal neste momento suficiente, suficiente nunca será evidentemente, pero temos o que podemos ter, entón si usted quere que non tiñamos escola de música, ou que non tiñamos as piscinas, y que ese diñeiro o metamos pois noutra cousa, esa é outra cuestión, explicaralla usted ós pais dos rapaces, cuando non teñan a piscina e cuando non teñan os profesores para música, porque unha cousa non ter que ver ca outra, y usted o sabe, y creo que ademais, non sei si me equivocarei ou non, hasta creo que usted ten os seus fillos na escola de música tamén, co cual pois eu creo que os profesores haberá que contratalos, non, non eu non falo dos fillos de ninguén, a miña filla tamén foi a escuela de música tamén, a miña filla foi a escuela de música como vai a súa, pero non quero falar deso, bueno pero estamos falando dun servizo. En todo caso eu creo que moito máis non teño que dicirlle, porque aclareille xa todos eses puntos que ustedes me estiveron criticando, con relación á urxente necesidade, con relación ó da improvisación, con relación o de por que agora, unhas cousas si, outras cousas non, y non teño máis que dicirlle.

**A sra. González toma a palabra:** Unhas cousas si outras non, claro que si, e ademais unha a unha, vamos unha a unha coma sempre, vamos solucionando os problemas individuais como siempre, voulle



responder por trozos como fai vostede. Hai unha parte do Himno Galego, que dice so os imbéciles e escuros non nos entenden non, y eso é o que pasa eiquí, que hai unha parte de imbéciles escuros, que non o digo eu que o dice Eduardo Pombal, e díceo no Himno Galego, entonces estamos en Galiza, unha nación con lingua propia, vostedes están obrigados por Lei a cumprir a lexislación entorno á normalización lingüística, e o que se vaia fóra de aí, pois non hai nada que explicar, a min dáme igual que lle teñan que mandar esto ó Goberno Central, eu non son o Goberno Central, e eu son a que vou ler isto, entonces ó Goberno Central mándallo en inglés si queren, en chino, en esperanto a min dáme igual, agora ós Concelleiros do Concello de Barbadás, por favor en galego, eso en primeiro lugar. Despois por suposto que é prioritario comer, antes que ir a bailar, por suposto, que é prioritario atender a unha persona dependente antes que ir á escola de música ou á piscina, eso por supostísimo, entón hai unha palabra que é prioridade e urxencia que estas son as prioridades e non as súas, prioridades é darlle cobertura ás necesidades básicas das persoas, si esa cobertura básica das persoas estivera totalmente cuberta neste Concello, repito, o outro sería prioritario tamén, pero neste momento é secundario porque estamos vivindo unha crise que están padecendo moitas familias neste Concello, e que vostede polo que se ve non está enterado, eso en segundo lugar. En terceiro lugar, en ningún momento falei eu ó longo da miña intervención de pechar a escola de música, nin de pechar a piscina municipal, todo o contrario, insistín e díxeno en tres ocasións, que nos gabábamos e que queríamos ademais decir que recoñecemos a calidade da escola de música e ademais recoñecemos que é unha escola de música que está moi ben organizada, que funciona moi ben, con unha calidade importante e ademais de prestixio a nivel provincial, y que por eso consideramos que nos temos que abster, porque efectivamente, seguramente terá que contratar a eses catro por falta de previsión, a eses catro músicos pola súa falta de previsión, porque eses catro músicos xa tiñan que estar en plantilla, punto. Segundo, efectivamente dixen que era importante a apertura das piscinas municipais porque entre outras cousas porque os nenos deste Concello no vrao é a única opción que teñen unhas piscinas en mínimos, pero é a que hai, non hai outra, nun Concello de 10.000 habitantes, entonces por suposto que as piscinas teñen que ter socorristas, e por certo que os socorristas non estén arriba nas escaleiras, que estén a pé da piscina, que estén ó pé da piscina sobre todo a grande, e da pequena tamén, por suposto por eso nos abstuvemos señor Alcalde, eso non quere decir que eu lle vaia a dar agora a razón con respecto a que sea prioritario e urxente que non o é, y esto non o exime a vostede de non ocuparse do outro, e non nos veña agora con que o SAF está cuberto, porque non o está, porque non hai nin teñen as horas suficientes, as horas necesarias, nin teñen a atención á dependencia en condicións.



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o voceiro do PSOE.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Pois ben a documentación ten que ser redactada en galego, punto e final, non hai ningún argumento que xustifique que se faga en castelán, vaia ó Goberno Central, vaia a Bruselas, vaia ó Parlamento de Estrasburgo, ou vaia a Lisboa, non hai ningún argumento que o xustifique. O cumprimento da Lei é obrigado para todos, e cando digo para todos, digo para todos, non só para os Concelleiros, senón tamén para os técnicos, e hai tamén un responsable de velar por ese cumprimento, e cando se nos enche a boca que hai que dar cumprimento da legalidade vixente, pois vale para todo, non para o que interesa, tamén para esto, porque hai xente á que se lle enche a boca, uy esto es legal esto es ilegal, pois esto é ilegal, nin máis nin menos, esto é ilegal, entón a min a terminoloxía señor Freire dame igual, que se lle chame urxencia ou non urxencia, o que si é un feito constatado é que vostedes improvisan sistematicamente, improvisaron co polideportivo, improvisan agora cos socorristas, e improvisan cos profesores da escola de música. Volvo a insistir, esto púdose haber traído ó Pleno anterior, cal é a razón pola que non se trouxo, non falo dos socorristas, falo agora mesmo da escola de música, por que non se trouxo ó Pleno de hai un mes.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vamos a ver e por que non pode ir agora si faltan tres meses para que chegue septiembre

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Ou para o seguinte

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Para xa que veu para os socorristas, veu tamén isto

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Claro, pero esto é sistemático, esto xa ocorreu o ano pasado, e bueno seguimos na improvisación e no desgobierno, así o digo no desgobierno total e absoluto, aquí faise o que se quere e non hai control.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, pois nada vamos someter a votación o punto, votos a favor, votos en contra, abstencións, moi ben.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PP e as abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG o seguinte acordo: **“Aprobación da declaración de servizos prioritarios, urxencia e necesidade de contratación de persoal laboral temporal.”**

### 5- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E USO DOS MESMOS

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos o punto cuatro que é, ó punto cinco perdón, que é a aprobación



inicial do regulamento dos servizos públicos de saneamento e depuración de augas residuais e uso dos mesmos. Bueno xa se comentou na Comisión Informativa, é unha normativa que loxicamente se elaborou dende a Xunta de Galicia, y que se trata de dar cumprimento á normativa europea sobre as augas tanto residuais como de consumo doméstico, que bueno teñen todos copia, e que indudablemente aquí o que pretendemos é darlle cumprimento a esta obrigaón.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Antes de comenar con este informe, só quero sumarme ás críticas dos meus compañeiros de grupo político e tamén do Partido Socialista, en canto ó uso da lingua galega nos documentos oficias deste Concello, e engadir solo un punto que me gustaría que esta contundencia, esta seriedade y a coherencia que defendemos en este Pleno, que se defendese en todos os Plenos do País, porque hai Plenos limítrofes ós de Barbadás, que é unha auténtica vergoña ver as intervencións de membros do Goberno de Alcaldes, de Tenentes de Alcalde, de membros do Goberno, por exemplo no Concello de Ourense, onde o galego é unha lingua absolutamente minoritaria no seu uso, e practicamente só a usan os Concelleiros e Concelleiras do Grupo Nacionalista Galego, gustaríame que a contundencia con que se defende a lingua galega en Barbadás, se defendese en todo o País. E falando deste informe que ven a debate neste punto, bueno o informe é un informe de Augas de Galiza, y polo tanto é un informe moi técnico co que eu non me atrevo a valorar, porque entendo ademais que responde a unha directiva europea do ano 91, que obriga a todos os países membros da Unión Europea, a adaptar os seus saneamentos a cumprir unha serie de condicións, y tamén esto implicou a modificación das leis de augas en moitos países, y en concreto a Lei de augas de Galiza do ano 2009, creo lembrar, pero si que temos que falar da situación do saneamento no noso Concello. Nós entendemos polo tanto que é un informe técnico, que como digo non temos coñecementos técnicos para poder valoralo, que fala de medidas de saneamento, y de depuración, y de índices dos que non controlamos para facer unha valoración, pero si que sabemos o que sucede no noso Concello, y no noso Concello a realidade é que o saneamento é un sistema moi deficitario, e sin embargo vostedes podían ter aproveitado que se presenta este informe de Augas de Galiza, para pedirlle a este mesmo departamento, que é dependente da Xunta de Galiza, un organismo público polo tanto, que fixera un informe da situación do saneamento no noso Concello, porque a nosa información, que xa aviso non é moita y é de ouvidas, é que é moi deficitario, y ca nova construción e co boom urbanístico vivido no Concello nos últimos anos sobre todo na última década, a situación da depuración das augas é absolutamente deficitario, y estamos a bordo do colapso, eso son palabras que a min me transmitiron construtores en Barbadás, que estamos ó bordo do colapso porque a rede de esgotos do Concello, non está feita para soste un volume de poboación tan grande coma o que



hoxe ten a Valenzá, en concreto no núcleo da Valenzá y a proba está no que sucedeu estes días na rúa Garrida, os veciños xa veñen protestando hai moito tempo que cheira mal na Avenida de Celanova, aparte de que os contedores non se limpan, ou se limpan cada seis meses, aparte diso, a rede de alcantarillado cheira mal, y ahora na rúa Garrida pois temos visto que hai unhas obras que duraron un mes, porque o saneamento estaba absolutamente entupido, ou así se nos comunicou, entón nós entendemos que estos informes deberían estar feitos en Barbadás, pero atendendo ás necesidades do noso Concello, eu ben entendo que temos que adaptar o saneamento ás leis estatais e ás leis europeas, pero fagámolo entón en Barbadás, porque por exemplo, vostedes levan un programa xa desde hai moitos anos de coller todas as augas do Concello e darllas a Aquagest, regalárlas directamente a Aquagest y había traídas públicas en varias parroquias deste Concello, que xestionaban os veciños y que por intermediación do Alcalde unha a unha foron pasando a Aquagest, por que, porque así se privatizan os servizos, Aquagest cobra polo saneamento e o abastecemento e é negocio para unhos poucos, que é o que pasa con todo neste Concello, y ahora eso mesmo está pasando en Loiro, y cando foi a empresa da man do señor Alcalde a Loiro, a informar de cal era a situación y de cales eran os seus compromisos si lle cedían a xestión da auga, comprometéronse a separar as augas residuais do abastecemento, que van paralelas e polas mesmas canles, y ademais esas tuberías son moi vellas, que non son como as de agora que son dun material que é absolutamente impermeable, pero as de antes eran de aquel material case coma o das uralitas, non sei moi ben, non é de uralita está claro, e que son permeábeis, y que van paralelas unhas ás outras y ademais van polos ríos, van metidas polos ríos, polo regato, van polo regato de Loiro

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero van de plástico xa

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Van de plástico, van por alí, que está prohibido pola Lei de augas, curiosamente

**O sr. Alcalde toma a palabra:** No, pero digo as novas van en plástico

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Pero van polo regato

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non van polo regato, van ó margen do regato

**O sr. Fírvida toma a palabra:** As que había hasta agora, iban polo regato y eran esas que iban en paralelo, unhas coas outras. Bueno a empresa comprometeuse a invertir alí y a mellorar o saneamento, fixo algo esa empresa, porque esta empresa eu quero lembrar que foi da mau do señor Alcalde, y ás reunións que se tiveron en Loiro, estaba presente o señor Alcalde, y aqueles compromisos ca asociación de veciños do señor Alcalde, era un compromiso ca cidadanía, y aí quero decir, quero preguntar, cal deses compromisos se cumpliu ata agora, fixeron algunha obra, fixeron algunha mellora, contésteme. Despois,





sigue habendo verquidos en Barbadás de augas residuais, que van ou ben ó regato dos Muíños como acontece na zona dos Carrís, que hai unha tubería que sigue vertendo directamente no regato dos Muíños, porque saen augas escuras por alí, y hai outros verquidos por exemplo na zona de Loiro, cara a zona de San Cibrao, na baixada xa de cara a Cibrao

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Está conectado

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Está conectado aquilo de Loiro, as que van cara San Cibrao tamén, y a que rede de saneamento se conectaron

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Á de San Ciprián, con permiso deles

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Cantas depuradoras do plan Laredo están funcionando no noso Concello

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Dúas

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Funcionan todos os días do ano

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Si, pode pasar por onde elas

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Todos os días

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Si señor, vamos a ver punto primeiro, funcionan as dúas, incluso nós tiñamos resolto, perdone que lle interrumpira, o tema do saneamento sin as depuradoras, puxémolas precisamente para que os ríos durante o vrao poidan levar auga, porque senón o río sécase pero o colector iban todos os desagües ó colector general, hoxe non funcionan as depuradoras por algún motivo y non hai ningún problema, que fáiselle un bypass e van directamente ó colector general, para o seu coñecemento llo digo, e dígollo porque paso moito por onde elas.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Ben as depuradoras do Plan Laredo non se puxeron pensando nos ríos, si se puxeran pensando nos ríos non se estarían nas condicións que están actualmente, puxéronse porque o señor Baltar obirgou ó señor Freire Couto a comprarlle dúas depuradoras, porque había que colocar tantas depuradoras na provincia de Ourense, y está baixo investigación xudicial as depuradoras do Plan Laredo y as axudas da Unión Europea para ese plan y se tiñan que distribuír polos Concellos do Partido Popular, si, ou si, e a nós tocounos dúas, como nos podía haber tocado tres ou catro, porque claro a ver como se xustifica senón, un gasto de electricidade superior ao vintecinco, trinta mil euros anuais, si como di o señor Alcalde son prescindibles totalmente.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Polo que lle dixen antes polo caudal do río, para que poidan ter algunha auga durante o vrao, porque senón quedan os ríos, os ríos quedan secos porque non teñen o caudal ecológico, porque non hai manantial agora.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Os regato dos Muíños no verao queda igual seco



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero non é o mesmo, algún caudal ecológico lle pode quedar.

Ten a palabra o voceiro do PSOE.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Bueno este regulamento xa nace como papel mollado porque dende o momento o propio Alcalde asegura que a adecuación da rede á normativa se fará nas medidas das posibilidades e pouco a pouco, vostede o recoñecía, pero eu teño que facer unha crítica do que vostede está decindo, estamos falando dun regulamento que vostede sabe que non vai poder cumprir. Un dos aspectos esenciais desta normativa alude ás redes separativas, que tanto nos preocupa a todos das augas pluviais e as procedentes do saneamento, pero xa se da por feito que o proceso será lentísimo ó recoller o regulamento que o Concello desenvolverá digo textualmente “acción paulatina para a substitución de redes unitarias por redes separativas sempre que sexa posible. A regulamentación municipal mesmo se autolimita neste punto a falar de que se nalgúns casos non resulta posible a separación das redes, aplicaranse as técnicas de drenaxe urbana, sustentable en orixe para minimizar a entrada da auga pluvial no sistema de saneamento, o sea, que esto vai ser unha quimera, xa o do polideportivo o é, imaxínese as separativas. O propio rexedor recoñecía na Comisión Informativa que as redes separativas son un agravio no Concello de Barbadás ó existir só nas urbanizacións máis modernas, de máis moderna construción na Valenzá, polo que seguirá sendo unha asignatura pendente por moitos anos a pesares dos formalismos que en forma de normativa sexan aprobados no Pleno, hai que ter en conta tamén que a aprobación deste regulamento é unha cuestión de trámite de obrigatorio cumprimento ao tratarse dunha directiva europea, non é que vostedes sexan os máis modernos do mundo e queiran defender o medioambiente e queiran separar as augas, e evitar os vertidos e impoñer sancións e multas. En Barbadás en relación co saneamento temos varias cuestións pendentes que levan anos sen resolver como ben comentaba o compañeiro Fírvida, o Alcalde dicía na Comisión Informativa que en Bentraces estase facendo un estudo para buscar unha solución en relación cos usuarios que verten á rede xeral pero que non consumen a auga municipalizada. Son moitos os anos que esta situación anómala se ven producindo e agora coa realización deste estudo quizá se siga prolongando no tempo a súa resolución, pero xa estamos acostumados a que a carteira ategada de asuntos por resolver do señor Freire siga así, ategada de asuntos sin resolver, porque un estudo de costes, un estudo para Bentraces cuando levan anos e anos padecendo esta situación, habendo incluso un enfrontamentos físicos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Tres hai solo desos, tres veciños.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Xa, pero o problema téñeno que resolver. Respecto a Loiro que tamén teñen un problema grave, co saneamento e cos malos cheiros que no verán, estase á espera de atopar unha



solución definitiva, esperemos que a atopen, non sei si ten vostede unha previsión para solucionar este problema, o que está claro é que si non pode seguir habendo perdas de augas residuais e malos cheiros de xeito periódico en Loiro, terá vostede que buscar unha solución, e máis cando estamos aprobando este regulamento que ten unhas esixencias moi estrictas con respecto ás infraccións. Queremos que se nos responda que se o caso de Loiro vai a seguir agardando ou vai tamén seguir nas asignaturas pendentes, porque xa hai un ano o Partido Socialista pediu aclaracións sobre o tema e a resposta foi exactamente a mesma, que o Concello asumirá a xestión das augas en todo o pobo, pero xa pasou un ano. E se falamos de vertidos non acabamos de entender ás contradicións nas que incurre o equipo de goberno porque por unha banda pagamos 200.000 euros anuais ó Concello de Ourense por depurar ás augas, e por outra previsión que se recolle no plan de urbanismo fala da construción doutras dous depuradoras, esiximos que se nos aclare, porque temos esa dúbida, non por outra cousa, cales son os plans do goberno en relación con este asunto das depuradoras famosas, Freire di que sae máis barato verter en Ourense que ter depuradoras propias, isto significa que o que se prevé no plan de urbanismo que se está modificando na actualidade é un mero formalismo unha vez máis, como o que estamos abordando hoxe aquí para o regulamento do servizo público de saneamento e depuración, é a principal dúbida que se nos plantexa ao abordar este regulamento, é se a veciñanza vai ver incrementado no recibo de auga o prezo do servizo de saneamento, unha vez que se aprobe definitivamente este plan, porque van padecer os veciños e veciñas unha nova suba nalgúns dos dous canons de saneamento que están pagando, ou ¿este regulamento é un mero trámite de cara á Xunta e á Unión Europea?, ¿vaise a incrementar o nivel de esixencia en relación coa tramitación das verteduras á rede xeral?. Supoñemos que os usuarios das novas acometidas serán obxecto dun maior nivel de esixencia debido á posta en marcha desta normativa, o que nos parece un agravio comparativo, pero bueno é así. Pero preocúpanos máis o anuncio que se fai na propia regulación municipal, cando se fala dos prezos das inspeccións e das análises que serán aprobadas nunha ordenanza fiscal, ¿isto significa que se vai a incrementar o prezo do servizo que se está prestando na actualidade, a raíz desa ordenanza fiscal?, porque, si falamos de ordenanza fiscal, falamos de prezos, falamos de diñeiro. E sobre o feito de que o Concello se reserve o dereito de aplicar un canon de contaminación K, queremos que o Rexedor nos explique cales son as súas previsións ó respecto a impoñer sancións sobre este tema. Sobre as sancións e infraccións que oscilan entre os 750 e os 3000 euros, temos que dicir que se caracterizan pola súa laxitude entendemos nós, tendo en conta que se poderían impoñer sancións máis graves, segundo o contempla a Lei. Dende o PSdeG cremos que coas infraccións contra o medio ambiente hai que ser moi esixentes, estas laxitudes non a acabamos de entender. En conclusión, sobre o



papel queda moi ben plasmado o sistema de saneamento legalmente esixible, pero a realidade dos feitos seguirá sendo a mesma, doutro xeito o Alcalde debería explicar cales son as actuacións prioritarias que se pretenden acometer en relación coa adaptación e modernización da rede saneamento.

**O alcalde toma a palabra:** Moi ben, vamos a ver aquí do que se trata, é de aprobar unha ordenanza que non ten nada que ver neste momento concretamente co tema do saneamento en Barbadás, é certo que non lle importa darlle cumprimento ás preguntas que me plantean, pero o que se trata é de aprobar este regulamento, que indudablemente é o que ven ó Pleno. Empezando pola resposta do BNG con relación a Loiro decirlle en primer lugar eu nunca me comprometín, e teño testigos, a que lle iba a separar as augas de momento, a facer unhas tuberías para augas e separar unhas de outras, pedírono eles, pero eu díxenlle neste momento que non podían. Con relación ó dos cheiros, se lles dixo que se tratarían de eliminar, efectivamente xa se empezou, tapando, ou solucionando as zonas onde había eses cheiros que eran unhos rexistros, parte deles creo que xa están solucionados, y en terceiro lugar outros que é o que vertía a Loiro que tamén está a Loiro de Abaixo, San Ciprián concretamente, tamén está solucionado, y en cuarto lugar, os veciños foron eles nunha reunión os que dixeron que non, se querían nós démoslle a oportunidade y a seguimos dando, pero non queren eles, que se fixeran cargo unha comisión de levar o tema da auga, nós non temos ningún interés en que a leve Aquagest, ningún, se lle dixo por activa e por pasiva na reunión, aínda o outro día a presidenta me dixo que baixo ningún concepto eles que non queren esa responsabilidade, vamos a ver si eles non a queren exercer, nós neste momento temos a concesión coa empresa, nós o que non vamos a facer é discriminación unhos veciños de outros, o sea, eles podían facer porque teñen un caudal de auga suficiente, podían gestionar sin ningún tipo de problema, nós encantados, pero asumindo toda a legislación que conleva esto, a aplicándoa vamos, non exigíndoa, y nós desde o Concello non temos neste momento medios nin sería lóxico facer unha diferenza dunhos veciños a outros, entón si eles como parece que pretenden non se queren facer cargo, obviamente terá que ser a empresa, á cual nós lle temos a concesión da augas a que gestionen, y eles haberá unhos cuantos veciños, que seguramente algunhos son os que falan precisamente con vostedes, que están en contra, é unha maioría os que deciden, ou que decidiron nunha assemblea que se fixera cargo á empresa, pois nós vamos a cumprir esa vontade veciñal y si aún cambiasen estaríamos dispostos a retroceder non hai ningún problema, que problema hai ningún, y eso é o que hai, a prioridade para Loiro, pois nós efectivamente si agora con estas medidas que se fan agora dos olores non lle son suficientes, tendríamos que tomar outra decisión, pero en base ás novas circunstancias, porque hoxe por hoxe non temos en primeiro lugar por que facer un alcantarillado novo, porque non, porque entendemos que o que hai é suficiente, y o que hai o



colector general que empeza en Loiro e acaba en Orense, ven por unha tubería toda con caudal suficiente de 50 de plástico, algunha antigas poden que veñan por fibra de cemento, que é a que fixeron eles os veciños, pero non as que fixo o Ayuntamiento, y con relación ó das depuradoras, e do Plan urbanístico, nós a idea que temos posiblemente, os redactores do, posiblemente non, seguro, os redactores do plan é que prevén eso, pero incluso non sei polo que o prevén, porque neste momento ó mellor teñen que prevelo para que llo aprobe a Xunta porque neste momento nós temos un convenio asinado con Ourense, co cual nos permite mancomunar o servizo do alcantarillado, suerte que tuvo este Concello, dito sea de paso, porque agora que está falando de mancomunar servizos, nós tivemos a visión fai xa unhos anos de mancomunar esos servizos que nos sae moito máis barato, que si tuvéramos que facer unha depuradora na Valenzá que probablemente saldría carísimo, segundo lugar estaría contaminando permanentemente, como están outras limítrofes, o río Barbaña, o río dos Muíños, chámelle como queira, y en terceiro lugar pois veríamos onde se ubicaba, porque eso si impacta, entonces, nós tivemos, o equipo de goberno no seu día a visión de mancomunar ese servizo, creo que vámolos seguir mantendo, como é lóxico, e non fai falta depuradoras si se fai así, que é o normal, se está facendo unha nova sobredimensionada en Ourense, xa contando con Barbadás, eso é o que hai. Entonces eu, o que lle digo é, volvo a reiterar sometemos a votación o texto do reglamento, non outro tipo de cuestións. Non vai de momento haber nova ordenanza fiscal, máis que o que aquí se dice, nós non prevemos subir ningún tipo de recibo de auga nin de alcantarillado de momento.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Varias cousas, por empezar por algún lado, por Loiro por exemplo, vostede non se comprometeu cos veciños a separlle as augas pluviais das residuais

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Non, non se comprometeu pero foi coa empresa alí, y a meterlles o medo no corpo que si eles xestionaban directamente as augas tiñan unha responsabilidade que incluso podería chegar a ser unha responsabilidade penal en caso de intoxicación, ou en caso de verquidos, ou en caso de graves problemas de saúde, polo tanto ante esa ameaza os veciños loxicamente. Entón a empresa é a que se comprometeu cos veciños a facer esas melloras na rede tanto de saneamento como de abastecemento, porque os veciños din, temos unha rede de abastecemento, temos un depósito, temos un servizo que fixeron eles co seu diñeiro, con diñeiro deles, que traballaron eles para poder levar a auga ás casas, y agora chega o señor Alcalde, y di que vai pasar a ser de xestión municipal que non é certo porque inmediatamente se privatiza e se deixa en mans dunha empresa privada que vai tirar un rendemento económico, porque senón non se faría cargo desas augas, e sin embargo vostede non lle esixe á empresa o



cumprimento dos seus compromisos que fagan as melloras prometidas, que separe as augas residuais das pluviais.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Que non se comprometeu nin a empresa nin nós a eso, calquera obra que se faga ten que pagala alguen ou o Concello ou eles.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Como que non se comprometeu si estaba vostede de diante.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Está de testigo a Concejala de obras.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Y se comprometeu Aquagest a facer obras en Loiro.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Obras si, pero non esa que vostede dice. Que vostede é moi demagogo.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** ¿Non se comprometeron a mellorar a rede de abastecemento?. As obras que se comprometeron a facer están sin facer.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O de conectar o colector de abaixo está conectado, o dos olores está feito, cual falta, dígame cual falta.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Ó que se comprometeron. Fale cos veciños de Loiro.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non, un veciño que é o que lle informa a usted, que non quere que se faga, non quere que se faga nin eso nin outro, ese é un espírito de contradición pura e dura.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Xa estamos un veciño. Bueno pero aínda non rematei, bueno, despois, hai unha cousa que está clara que vostede non quere facer y é un informe do Concello, da situación do saneamento no Concello de Barbadás, e a separación de augas pluviais das residuais. Vostede di o das depuradoras, mire, as depuradoras do Plan Laredo, en verán non funcionan porque o caudal de auga non é suficiente para polas en marcha, porque requiren un caudal mínimo para que funcionen, e como no verán chove moi pouco y como os pobos teñen agora moi pouca xente vivindo, non funcionan porque non teñen suficiente caudal de auga, e no inverno cando chove moito tampouco funcionan polo exceso de caudal, porque se inundan e pasan as augas por enriba, de aí os verquidos que hai moitos anos nos Muíños hasta que se arreglou aquela arqueta porque salta polo aire pola presión da auga.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero por favor, demagogia pura y dura, ¿usted sabe onde está a arqueta?. A arqueta está antes das depuradoras, fala por falar, por criticar y non ten nin idea do que dice, paso por aí case todos os días. A arqueta dos Muíños está aquí arriba e as depuradoras están alí abaixo, y cuando salta a arqueta dos Muíños é porque saíu unha tormenta moi forte, que eso pasa, salta nos Muíños, salta en Ourense, debido a que ten moita pendiente o camiño, salta algunha vez que outra, agora creo que xa a soldaron incluso, o sea, non diga usted demagogia, usted fala de oídas, usted non sabe do que está falando aí neste caso, y eu que paso todos os días e as escoito as dúas, díase unha volta e despois fale, e non fale



sin saber

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Era o meu turno de intervención, entónces porque se me interrompe

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bueno porque si, chega un momento que dice mentiras

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Tanto molesta o que digo. A arqueta do Muíños está como a quince metros da depuradora, e salta para arriba pola presión que exerce a auga cando non ten vías de desaugue cara o río, polo tanto, o efecto que ten a depuradora sobre esa arqueta, é que ó non pasar a auga, porque repito polo aumento de caudal polas choivas se colapsa, a auga volve para atrás, e saltan as arquetas señor Alcalde, eu tamén paso por aí, case todos os días, si tamén case todos os días

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Usted cree que a auga da depuradora ven de diferente sitio ca da general

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Con vostede é imposible, eu cando fala vostede, levo todo o Pleno calado, e non é por non ter ganas de falar despois do que escoito eiquí, pero entónces agora encima que me toca a min estame tachando de mentiroso, cando mentiroso é vostede porque sabe perfectamente porque saltaban as arquetas dos Muíños, igual que salta a arqueta que esta abaixo da Finca Fierro, antes da rúa da Anguía, polo mesmo motivo, porque aí as tuberías se volven moi estreitas, y a auga reborda porque volve para atrás, é como si ten vostede unha lavadora funcionando, e ten unha tubería moi estreita e a auga saeríalle pola lavadora, ou polo fregadeiro da cociña, si porque volven para atrás, é o que pasa nos Muíños, nos Muíños a arqueta salta non porque a auga estea á que ven de arriba, non, senón pola que ven de abaixo, rebotada da depuradora, porque está absolutamente paralizada porque non pode con ese caudal de auga, é máis salta en outros sitios

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Quere que lle diga un argumento, que lle desmonte todo eso que me dice usted, vouldo decir para que se convenza porque ó mellor está equivocado, mire antes de haber as depuradoras, xa saltaba cando había tormentas e non había as depuradoras, pero vanmo a decir a min, que a min me nacéronme aí os dentes

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Entónces estame dando a razón, unha que as tuberías son moi estreitas, dúas que as depuradoras son, non solucinaron ningún problema, ó contrario son un obstáculo

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Cando hai moita auga por unha tormenta, ou polo que sea, son cousas imprevisibles.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Pois fagan un informe de cal é a situación do saneamento en Barbadás, deixen de traernos informes de Augas de Galiza, que este vale igual para calquera Concello de Galiza, vale igual para Coruña, que para Santiago, como para eiquí, esto non nos di absolutamente nada, faga un informe de cal é a situación eiquí, cales son os puntos de verquidos negros, cales son as depuradoras que



funcionan, que días ó ano funcionan y a donde van esas augas, y si van depuradas ou sen depurar, ou si pasan as augas por esas depuradoras y si marchan ós regatos sin depurar, faga un estudio y un análise da situación dos regatos dos Muíños, do río dos Muíños, si é un río limpo, si é un río saneado, si ten flora e fauna autóctona, ou si é unha lagoa de sábreo, e de cemento, e de patos que non sei de donde trouxeron vostedes porque nin siquera son de eiquí deste País, fagan vostedes de como hai outras cidades, xa non digo en Galiza, senón no Estado Español que recuperaron os seus afluentes e os seus ríos con medidas medioambientais, por exemplo tirando todos esos muros de porpiaño vestiais que fixeron vostedes en estes 24 anos, para construír enriba do río, o que fan é mandarlle formigón ós ríos, eso é o que lles encanta a vostedes, como xa non teñen onde construír, xa non lles chegan os montes, tamén queren construír enriba dos ríos, eu lembro todavía unha proposta de vostedes que era canalizar o regato dos Muíños desde os Carrís hasta o Carrefour, no, no, perfectamente, ademais dixéche-lo tu, que unha posibilidade era canalizar o río, cando hoxe se camiña xusto no contrario, camiñase cara darlle amplitude ós ríos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A segunda fase xa se fixo así

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Poucas as grazas, entre outras cousas supoño que porque a Confederación hidrográfica non llo permitiría facer doutra maneira

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non, o proxecto fixémoslo nós

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Si claro cumprindo as normas que hai agora medioambientais

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Máis abaixo Ourense fixoo diferente

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Eiquí non se pode intervír, porque están todo o tempo, si queren entender poden entender, fagan unha análise da situación do regato do río, do río dos Muíños, dos regatos que hai no Concello, das augas de saneamento y si é necesario facer un plan plurianual de actuacións na rede de saneamento do río orzamentando cada ano unha partida exclusiva, para mellorar esa rede, que eso é o que precisa o Concello e non chapuzas de que un día si salta un alcantarillado nunha esquina, alí metemos unha paleadora, estamos quince días con mangueriras intentando succionar para camións para pozos negros que hoxe xa están prohibidos succionando esas augas sucias, intentando descanalizar eso, despois de quince días vese que esa non é a solución, porque non o era, xa o sabía todo o mundo que esa non era a situación, que había que abrir unha zanxa y ampliar esa rede, ou desviala cara abaixo, bueno pois ó final acábano facendo polo dobre de cuartos, fagan un plan plurianual de cales son as necesidades e vaian actuando por partes, cada ano en un trozo, cada ano en un sitio, y non esperen que esto acabe como vai a acabar que vai ser reventando todo para arriba, en todo, o que pasa nos Muíños, o que pasa na rúa da





anguía, vai acabar pasando polas avenidas da Valenzá.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben ten a palabra a voceira do PSOE.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Bueno está claro que este documento é papel mollado, estanos quedando meridianamente claro, as depuradoras só se prevén no plan de urbanismo porque as hai que prever, e para que lle de o visto bo a Xunta, pero bueno non se van facer, hai un montón de frentes abertos en todo o Concello sen resolver, o tema dos Muíños, en Loiro, en Bentraces, xa a Finca Fierro, entonces vostedes señor Alcalde ten que recoñecer que esto estamos aprobando papel mollado, oblígallo a lexislación e vostede apróbaos, e despois tamén decirlle que no propio informe de Augas de Galicia, recolle que as multas, as sancións, perdón, son demasiado reducidas que deberían ser por este tipo de delitos ecolóxicos deberíanse aumentar, a vostede está claro que o medioambiente que non lle interesa en demasía.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben pois mire, simplemente como conclusión e para rematar, decirlle que podemos ter algunha dificultad, non discuto que algunha hai en tódalas partes, agora problemas este Concello de augas residuais que vaian ós ríos salvo algunhas esporádicas como pode ser unha eventualidad dunha tormenta ou o que sea temos practicamente ou totalmente todas recollidas por un colector general que esa é unha ventaxa que ten este Concello, hai que reconcelo, y ter a habilidade de facer ese tipo de actuación, porque claro se empezamos a facer depuradoras por aquí e por alá, o máis probable é que tivéramos o Concello bastante máis contaminado, y afortunadamente como van todas a ese colector general, pois esas augas residuais, salvo algunhas eventualidades como dixen antes, van todas ás depuradoras, y esas depuradoras en principio se supón que depura ben, pagaremos un canon, pero non temos ese problema, porque hoxe está toda recollida, desde donde nace o Concello que é en Loiro, hasta o límite con Ourense, entonces eu creo que eso é un beneficio para todo o Concello y eu penso que é algo que deberíamos sentirnos de algunha maneira satisfeitos con esa actuación.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Solo un inciso, o tema do Cancún, o tema dos malos cheiros e da arqueta do Cancún. Falámolo no anterior Pleno, que era un problema que había alí con unha arqueta, con unha tubería, que iba a intentar buscar unha solución, que queríamos saber como está a situación, agora mesmo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vamos a ver eu paso por alí con frecuencia e non vexo a día de hoxe ningún problema, pudo ser un momento puntual, como dixemos antes, por unha tormenta que pode pasar, pero nada máis.

Vamos a someter a votación entonces o reglamento, votos a favor, votos en contra, abstencións



Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PP e as abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG, o seguinte acordo: **“Aprobación inicial do Regulamento dos servizos públicos de saneamento e depuración de augas residuais e uso dos mesmos”**

### PARTE DE CONTROL

#### 6- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos o último punto que é a dación de contas da resolución de alcaldía que teñen copia, isto é simplemente dar conta, e quedar enterados.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Agradecía que se nos explicara que compra se vai a realizar coa modificación de créditos que se transfire desde infraestruturas de uso xeral a inversións a terreos, son cinco mil euros.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eso foi para pagar un dereito de paso dunhas tuberías en Parada, que se lle houbo que expropiar, ó abonar unhos terrenos por donde pasa un colector precisamente de augas residuais, pluviais, que no seu día o propietario que é o pai, que agora está enfermo, había dado palabra de deixar pasar pola finca súa, deu permiso, pero fixose na época de ser concejal ó Currás, y agora veu o fillo e o señor como está discapacitado, xa non ten capacidade para decidir, reclamou e houbo que lle pagar.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** E agora fago unha consideración, a min francamente, creo lembrar que non sei si foi no pasado Pleno, no anterior o señor Teniente Alcalde, que era moi complicado facer unha listaxe de investimentos porque despois, a facer unha listaxe de investimentos porque despois había que facer unha modificación de créditos para poder facer obras conforme unha necesidade perentoria, bueno pois vexo que despois de que os orzamentos foran aprobados a finais do ano 2013, ó cabo de 13 días nin máis nin menos, ó cabo de 13 días xa se fai unha modificación de créditos de 7.500 euros, ó cabo de 13 días. Non, non, non xurdiu unha demanda xudicial, porque os outros 2.500 euros, aquí hai que vir informados, os outros 2.500 euros corresponden a servizo complementario, educación, bolsa de estudos, que pasan a edificios e outras construcións, tamén se corresponde a unha demanda xudicial, señora Secretaria

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A modificación de créditos é unha cuestión que está no reglamento para poder utilizar cuando sea necesario.



## CONCELLO DE BARBADÁS

O sr. Valcárcel toma a palabra: Claro que si, pero aquí argumenta o señor Teniente Alcalde hai un mes

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 14:50 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO